



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO FACULTATIVO DE GRAO MEDIO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A2, ESCALA TÉCNICA DE FACULTATIVOS, ESPECIALIDADE DE ENFERMARÍA

En sesión que tivo lugar o 5 de maio de 2025, o tribunal nomeado pola Resolución do 3 de abril de 2025 (DOG núm. 69, do 9 de abril) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e de promoción interna, no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de facultativos, especialidade de enfermaría, convocado mediante a Resolución do 22 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria.

A dita base establece que “Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.”

1.- MARCO TEMPORAL DE VIXENCIA DAS NORMAS DE DEREITO POSITIVO RELACIONADAS CO CONTIDO DO PROGRAMA

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo III da Resolución de convocatoria do 22 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro). Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación no DOG das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no anexo III e que fosen derrogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no DOG das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

2.- CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento sesenta (160) preguntas tipo test, relacionado co programa (anexo III da Resolución do 22 de xaneiro de 2024).

As persoas aspirantes deberán sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento trinta (130) preguntas tipo test, das cales trinta (30) corresponderán á parte común do programa e cen (100) á parte específica.

O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderán á parte común do programa e catro (4) á parte específica e que substituirán ás preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

Na segunda parte as persoas aspirantes deberán resolver por escrito dous supostos de carácter práctico relacionados coas materias que figuran na parte específica do programa, cun total de trinta (30) preguntas tipo test, con quince (15) preguntas cada un dos supostos.

Cada suposto do exercicio dispoñerá de dúas (2) preguntas de reserva, que substituirán ás preguntas anuladas pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos vinte (220) minutos. Todo isto sen menoscabo da adopción de medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes.

3.- DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

No acceso libre, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas por esta quenda sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50 %, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Non obstante, de darse o caso de que o número de aspirantes que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50 % das respostas netas, sexa inferior ao resultado de multiplicar por catro o número de prazas convocadas, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións, ata acadar a devandita cifra, sempre que obtiveran, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes

Para os efectos do previsto nos dous parágrafos anteriores, no que se refire ao número máximo de prazas convocadas pola quenda de acceso libre, terase en conta que as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna, na que non hai aspirantes admitidos, acumulanse ás prazas convocadas pola quenda de acceso libre.

En caso de empate todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela persoa aprobada que marque o corte, consideraranse igualmente aprobadas, aínda que se superase o número de aspirantes antes indicado.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25) puntos.

Asignarase a valoración de 25 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 25 e os 50 puntos, proporcional ao número de respostas correctas (unha vez feitas as deducións por respostas incorrectas).

Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Marta Lorenzo Carpenle
Presidenta do tribunal

LORENZO
CARPENTE
MARTA -
32694692P

Firmado digitalmente
por LORENZO
CARPENTE MARTA -
32694692P
Fecha: 2025.05.07
19:42:55 +02'00'